

*Libres, desobedientes
e feministas
para mudalo todo!!!*

**ESTATUTOS
2019**



PFG
Plataforma feminista galega

Índice

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL.....3	Artigo 19. Reunións e acordos.....14
Artigo 1. Denominación e natureza.....3	Artigo 20. Convocatoria.....14
Artigo 2. Personalidade e capacidade.....3	Artigo 21. Facultades da Coordinadora Nacional.....15
Artigo 3. Domicilio.....3	Artigo 22. Obrigas documentais.....16
Artigo 4. Ámbito de actuación.....4	Artigo 23. Presidencia.....16
Artigo 5. Duración.....4	Artigo 24. Secretaría.....16
Artigo 6. Fins.....4	Artigo 25. Tesourería.....17
CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS.....6	Artigo 26. Vogalías.....18
Artigo 7. Requisitos.....6	Artigo 27. Asembleas locais/comarcais. Composición.....18
Artigo 8. Perda da condición de persoa asociada.....7	Artigo 28. Convocatoria.....18
Artigo 9. Dereitos.....8	Artigo 29. Comisións de traballo.....19
Artigo 10. Obrigas.....9	CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO.....19
CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN.....9	Artigo 30. Patrimonio inicial.....19
Artigo 11. Organización da asociación.....9	Artigo 31. Recursos económicos.....19
Artigo 12. Asemblea Xeral.....10	Artigo 32. Contas anuais.....20
Artigo 13. Reunións: clases e convocatoria.....10	Artigo 33. Destino de ingresos a fins da asociación.....20
Artigo 14. Constitución e quórum de convocatoria.....11	CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.....20
Artigo 15. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria.....11	Artigo 34. Regulamento de réxime interno.....20
Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria.....12	CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN.....21
Artigo 17. Adopción de acordos.....12	Artigo 35. Disolución.....21
Artigo 18. Coordinadora Nacional: composición.....13	Artigo 36. Liquidación.....21
	DISPOSICIÓN ADICIONAL.....22

1 **CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

2 **Artigo 1. Denominación e natureza**

3 Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do
4 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e ten a seguinte denominación
5 “Plataforma Feminista Galega”, en diante (PFG).

6 A PFG rexerese por ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola
7 demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

8 A asociación defínese de carácter laico e sen adscrición política concreta. Non difundirá,
9 potenciará, nin favorecerá ningunha relixión, igrexa ou seita, respectando sempre a
10 liberdade de conciencia de todas a súas socias.

11 A asociación constitúe un organismo autónomo, podendo no entanto federarse co
12 acordo previo da Asemblea Xeral, con outras asociacións que poidan crearse no ámbito
13 autonómico, estatal, europeo ou mundial.

14 A asociación asume o compromiso de promover a lingua galega e por iso as súas
15 comunicacións tanto internas como externas realizaranse nesta lingua agás naquelas
16 circunstancias nas que sexa preciso utilizar outras linguas.

17 **Artigo 2. Personalidade e capacidade**

18 A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar,
19 podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da
20 finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

21 **Artigo 3. Domicilio**

22 A asociación establece o seu domicilio social na rúa Angustias nº 34-casa, localidade
23 Santiago de Compostela, C.P: 15703, enderezo electrónico
24 plataformafeministagalega@gmail.com, Web <https://plataformafeministagalega.org>.

1 Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo
2 da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais,
3 dando conta do seu acordo ao organismo encargado do rexistro de asociacións.

4 **Artigo 4. Ámbito de actuación**

5 A PFG en función dos seus fins e emprazamento do seu domicilio social, exercerá
6 fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma
7 Galega e poderá contar con asembleas locais e comarcais.

8 **Artigo 5. Duración**

9 A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme estes
10 Estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresadas en Asemblea Xeral
11 extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

12 A PFG rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e
13 o resto do ordenamento xurídico.

14 **Artigo 6. Fins**

15 1. Son fins principais da asociación:

- 16 a) A defensa e loita polos dereitos das mulleres constituíndose, pois, en canle
17 de denuncia de situacións especialmente gravosas para elas.
- 18 b) Traballar en todos aqueles aspectos que atinxan as mulleres en todos os
19 ámbitos: social, político, sanitario, económico, laboral, etc. loitando e
20 defendendo as formulacións en favor da igualdade das mulleres en todos os
21 aspectos.
- 22 c) Propoñer solucións e instar aos gobernos para que impulsen e fagan cumprir
23 as disposicións legais que posibilitan que as mulleres gocen das mesmas
24 oportunidades en todas as esferas da súa vida (medio rural, civil, económica,
25 social, cultural, política, etc.).

- 1 d) Divulgar o respecto, desenvolvemento e efectividade dos dereitos humanos
2 das mulleres.
- 3 e) A promoción e desenvolvemento de estruturas que posibiliten a loita contra
4 a violencia machista, solicitando os apoios sociais e/ou institucionais
5 necesarios para a súa erradicación.
- 6 f) Potenciar a relación entre os distintos estamentos que interveñen no proceso
7 de loita contra a violencia de xénero, fomentando así a conxunción de
8 distintas experiencias e perspectivas na busca da necesaria eliminación de
9 toda forma de violencia contra as mulleres.
- 10 g) A defensa dos dereitos LGTBI e a denuncia de todas as agresións
11 heteropatriarcais ao colectivo.
- 12 h) A loita contra a explotación, trata e escravitude sexual.
- 13 i) Fomentar os valores dos feminismos a través da coordinación, realización e
14 preparación de actividades con distintos organismos.
- 15 j) A construción dun movemento feminista combativo e unitario, con base nos
16 valores de colectividade, solidariedade e apoio mutuo.
- 17 k) A coordinación, colaboración e traballo conxunto con outros espazos
18 feministas e movementos sociais co fin de transversalizar o discurso
19 feminista en todos os espazos de loita existentes así como o seu tratamento.
- 20 l) A coeducación así como o seu tratamento a través da súa análise coeducativo
21 no conxunto da súa complexidade e diversidade de temáticas adaptado a
22 todos os niveis educativos.
- 23 2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:
- 24 a) Denunciar publicamente as situacións de violencia de xénero, impulsando
25 accións que permitan visibilizar, denunciar e enfrontar as diversas
26 manifestacións desta violencia.

- 1 b) Realizar todo tipo de accións para fomentar a formación e difusión de
2 contidos feministas.
- 3 c) Realizar actividades de concienciación da sociedade en igualdade de trato e
4 de oportunidades.
- 5 d) Levar a cabo accións de programación, seguimento e control da aplicación da
6 transversalidade de xénero en todos os plans, programas ou proxectos que
7 se impulsen dende calquera ámbito institucional.
- 8 e) Promover actividades que favorezan a mobilización, formación e
9 organización das mulleres para lograr a integración plena e igualitaria na
10 nosa sociedade e poidan exercer os seus dereitos.
- 11 f) Potenciar a participación activa das mulleres nos órganos de toma de
12 decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os
13 ámbitos de actuación das organizacións.
- 14 g) Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais
15 encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres.
- 16 h) Calquera actividade relacionada coa defensa da igualdade de xénero.

17 Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao
18 cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin
19 outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

20 **CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS**

21 **Artigo 7. Requisitos**

22 Poderán ser integrantes da Plataforma Feminista Galega todas aquelas mulleres que así
23 o soliciten, que desexen participar e traballar neste espazo feminista galego:

24 Poden ser socias de pleno dereito, as persoas físicas que o desexen, que acepten os
25 obxectivos da asociación e que se axusten ás normas recollidas nos presentes Estatutos.

1 As persoas asociadas son a figura básica de intervención, participación e mantemento da
2 asociación. Unha persoa socia manifesta a súa vontade de pertencer á entidade e faino
3 coa achega económica que representa a cota, así como, de ser o caso, da súa achega de
4 traballo.

5 Para adquirir a condición de persoa asociada requírese:

6 1. Ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da
7 asociación.

8 2. As persoas físicas deben ser maiores de idade con capacidade de obrar e non
9 estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.

10 3. As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu
11 órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

12 Os acordos de admisión de persoas asociadas serán tomados nas Asembleas locais ou
13 comarcais unha vez recibida a petición da persoa física ou xurídica que desexa ser
14 admitida. O acordo de admisión será comunicado á Coordinadora Nacional.

15 **Artigo 8. Perda da condición de persoa asociada**

16 1. A condición de persoa asociada pérdese:

17 a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante comunicación de renuncia,
18 por escrito á Asemblea local correspondente. Esta renuncia será comunicada
19 pola Asemblea local á secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a
20 data da súa presentación.

21 b) Por falta de pagamento de 2 cotas, que será efectiva desde a notificación do
22 acordo adoptado pola Asemblea local e ratificado pola Coordinadora Nacional
23 á persoa interesada.

24 A persoa que perdese a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado
25 anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis
26 meses desde a notificación aboase as cotas pendentes de pago.

1 c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente
2 adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións
3 que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.

4 d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

5 2. A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo
6 anterior, será acordada pola Asemblea local afectada e será comunicada á Coordinadora
7 Nacional, logo da audiencia da persoa interesada.

8 **Artigo 9. Dereitos**

9 1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

10 a) Participar nas actividades da asociación

11 b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.

12 c) Participar nas Asembleas con voz e voto.

13 d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e
14 representación da asociación, do seu estado de contas e do
15 desenvolvemento da súa actividade.

16 e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de
17 representación.

18 f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra
19 elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo
20 motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

21 g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei
22 ou ós estatutos.

23 h) Utilizar os locais e infraestruturas da PFG.

24 i) Recibir apoio da PFG no referido as accións realizadas en nome da mesma.

1 2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que
2 non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3 **Artigo 10. Obrigas**

4 Son obrigas das persoas asociadas:

5 a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos
6 órganos de goberno e representación da asociación.

7 b) Pagar as cotas que de conformidade cos presentes estatutos, se establezan
8 para o mantemento das actividades e funcionamento da PFG.

9 a. Aquelas persoas que pola súa situación económica non poidan facer
10 fronte ás cotas establecidas deberán comunicalo á Asemblea local
11 correspondente para que esta o traslade á Coordinadora Nacional e
12 así se activen os mecanismos acordados para evitar que fique fora da
13 asociación por non ter aboado as cotas e así poder exercer o seu
14 dereito a sufraxio pasivo e activo.

15 c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.

16 d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

17 e) Respetar a pluralidade interna da PFG, así como ás compañeiras.

18 **CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

19 **Artigo 11. Organización da asociación**

20 Os órganos de goberno e representación da asociación son a **Asemblea Xeral, a**
21 **Coordinadora Nacional e as Asembleas locais ou comarcais**, que adoptarán os seus
22 acordos preferentemente por consenso e, de non ser posible, de conformidade co
23 principio maioritario ou de democracia interna.

1 **Artigo 12. Asemblea Xeral**

2 A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno e por medio desta exprésase a
3 vontade de todas as persoas asociadas. A Asemblea Xeral está integrada por todas as
4 persoas asociadas de pleno dereito e os seus acordos, validamente adoptados, obrigan a
5 todas as súas integrantes, incluídas as disidentes ou as ausentes.

6 **Artigo 13. Reunións: clases e convocatoria**

7 1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

8 A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos seis meses
9 seguintes ao peche do exercicio económico.

10 As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas
11 veces o acorde a Coordinadora Nacional ou cando o soliciten por escrito o 10% das
12 persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á
13 Presidencia, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o
14 motivo da convocatoria e a orde do día.

15 2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así
16 como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da
17 celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo
18 de quince días naturais exceptuando cando se teña que convocar á Asemblea con
19 carácter urxente. Na convocatoria farase indicación expresa da orde do día, data da
20 reunión, hora e local onde se celebre.

21 3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a
22 disposición das persoas asociadas cunha antelación mínima de quince días naturais á
23 celebración da Asemblea. Esta documentación remitirase por correo electrónico a todas
24 as persoas socias así como ás asembleas locais/comarcais para a análise e debate das
25 mesmas.

1 **Artigo 14. Constitución e quórum de convocatoria**

2 As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente
3 constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou
4 representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda
5 convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán
6 que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que
7 as substitúan.

8 **Artigo 15. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria**

9 Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- 10 a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- 11 b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de
12 actividades.
- 13 c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da
14 Coordinadora Nacional.
- 15 d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Coordinadora Nacional.
- 16 e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- 17 f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- 18 g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
- 19 h) Debater, emendar e aprobar se for o caso, os informes presentados pola
20 Coordinadora Nacional sobre a coordinación e a supervisión das campañas,
21 traballos, grupos e servizos da asociación.
- 22 i) Debater, emendar e aprobar, se for o caso, os programas de formación para
23 as persoas asociadas en xeral que a Coordinadora Nacional ou os grupos de
24 traballo creados para tal fin poidan elaborar.

1 **Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria**

2 Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- 3 a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- 4 b) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- 5 c) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de
- 6 urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- 7 d) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a
- 8 Coordinadora Nacional.

9 **Artigo 17. Adopción de acordos**

10 1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse preferentemente, por consenso das

11 asistentes. No caso de non ser posible o consenso estes tomaranse por maioría simple

12 das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos

13 negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as

14 abstencións.

15 2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos

16 afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas con dereito a

17 voto, para adoptar os seguintes acordos:

- 18 a) Designación de integrantes da Coordinadora Nacional.
- 19 b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas.
- 20 c) Disolución da asociación.
- 21 d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- 22 e) Disposición ou alleamento de bens.
- 23 f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

1 3, Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as súas
2 integrantes, incluídas as disidentes ou as ausentes.

3 **Artigo 18. Coordinadora Nacional: composición**

4 1. A Coordinadora Nacional é o órgano de representación que xestiona e representa os
5 intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

6 Estará formada por: **Presidencia, Secretaría e Tesourería**. As persoas que ostenten
7 estas funcións serán designadas de entre as persoas asociadas maiores de idade, que
8 leven como mínimo un ano asociadas, en pleno uso dos seus dereitos civís que non
9 estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos. Estes cargos
10 deberán ser ratificados pola Asemblea Xeral.

11 Nas reunións da Coordinadora Nacional poden participar con voz e voto todas as
12 persoas socias que integran as Asembleas locais/comarcais así como as representantes
13 designadas polas entidades xurídicas que integran a PFG e as representantes elixidas
14 polas Asembleas locais/comarcais para as representaren.

15 2. A duración do seu mandato será de 2 anos, podendo ser obxecto de sucesivas
16 reeleccións.

17 3. Os cargos que compoñen a Coordinadora Nacional serán desempeñados de forma
18 gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en
19 que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

20 4. Os cargos da Coordinadora Nacional cesarán na súa función por:

21 a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa
22 xurídica.

23 b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no
24 ordenamento xurídico.

25 c) Resolución xudicial.

- 1 d) Renuncia voluntaria.
- 2 e) Perda da condición de persoa asociada.
- 3 f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- 4 g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á
- 5 elección da nova Coordinadora Nacional, aquela continuará en funcións ata a
- 6 designación das novas integrantes.

7 5. De producirse vacantes na Coordinadora Nacional, estas serán desempeñadas
8 provisoriamente polas restantes integrantes, ata a elección definitiva pola Asemblea
9 Xeral.

10 **Artigo 19. Reunións e acordos**

11 1. A Coordinadora Nacional será convocada pola Presidencia, a iniciativa propia ou a
12 petición de calquera das súas compoñentes.

13 2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis unha das
14 súas integrantes e, en todo caso, a Presidenta e Secretaria ou as persoas que as
15 substitúan.

16 3. Para que os acordos da Coordinadora Nacional sexan válidos, deberán ser adoptados
17 por consenso e no caso de non ser posible pola maioría de votos das asistentes.

18 **Artigo 20. Convocatoria**

19 A Coordinadora Nacional reúnese como mínimo unha vez cada dous meses tendo que
20 ser a convocatoria enviada xunto con toda a documentación a debate na reunión cunha
21 antelación de 7 días.

22 Fora destas convocatorias consideradas ordinarias a Coordinadora Nacional poderá
23 reunirse de forma extraordinaria tantas veces como as circunstancias o aconsellen ou
24 cando o soliciten por escrito o 10% das persoas que a integren. Neste último caso
25 realizarase por medio de escrito, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no

1 que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

2 **Artigo 21. Facultades da Coordinadora Nacional**

3 A Coordinadora Nacional terá as seguintes atribucións:

- 4 1) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- 5 2) Xestionar a nivel interno a PFG asegurando a democracia interna e
6 organizativa da mesma.
- 7 3) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- 8 4) Executar os acordos da Asemblea.
- 9 5) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e
10 gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- 11 6) Convocar e fixar as datas das Asembleas.
- 12 7) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias
13 para as persoas asociadas.
- 14 8) Ratificar a creación de comisións de traballo ou seccións propostas polas
15 Asembleas locais/comarcais. Crear as comisións de traballo ou seccións que
16 se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- 17 9) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean
18 expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- 19 10) Resolver, a proposta das Asembleas locais, as solicitudes de ingreso de
20 persoas asociadas.
- 21 11) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa
22 aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- 23 12) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

1 **Artigo 22. Obrigas documentais**

2 A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as
3 persoas asociadas:

- 4 a) Unha relación actualizada de persoas asociadas.
- 5 b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do
6 resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades
7 realizadas.
- 8 c) Inventario dos seus bens.
- 9 d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

10 **Artigo 23. Presidencia**

11 A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- 12 a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou
13 privado.
- 14 b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Coordinadora Nacional e a
15 Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de
16 calidade os casos de empate de votos.
- 17 c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Coordinadora Nacional e a
18 Asemblea Xeral.
- 19 d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- 20 e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación
21 xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Coordinadora
22 Nacional a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

23 **Artigo 24. Secretaría**

24 1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- 1 a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións
2 de altas e baixas das persoas asociadas.
- 3 b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- 4 c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar
5 as actas correspondentes.
- 6 d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidenta, así como
7 emitir informes.
- 8 e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- 9 f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- 10 g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente
11 corresponda.
- 12 2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será
13 substituída por outra integrante da Coordinadora Nacional.

14 **Artigo 25. Tesourería**

15 A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- 16 a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e
17 invertilos na forma acordada pola Coordinadora Nacional e a Asemblea
18 Xeral.
- 19 b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e
20 conforme da presidencia.
- 21 c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta
22 a presidencia.
- 23 d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- 24 e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais

1 para a súa aprobación pola Asemblea.

2 f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da
3 xestión económico financeira da asociación.

4 **Artigo 26. Vogalías**

5 As demais integrantes da Coordinadora Nacional, caso haber, terán as obrigas propias
6 do seu cargo, e aqueloutras que lles sexan encomendadas, tales como realizar
7 programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

8 **Artigo 27. Asembleas locais/comarcais. Composición**

9 As Asembleas locais/comarcais son o elemento fundamental para realizar o traballo
10 diario da PFG e están integradas por todas as persoas asociadas residentes nunha
11 localidade/comarca.

12 As asembleas locais/comarcais constituiranse cun mínimo de cinco integrantes que
13 nomearán unha responsable que será a encargada de convocar as asembleas. A
14 responsable local coordinará o traballo da Asemblea local/comarcal, elevará os acordos
15 tomados á Coordinadora Nacional e transmitirá os acordos nacionais á Asemblea
16 local/comarcal.

17 As Asembleas locais e comarcais terán autonomía para elaborar as liñas de traballo
18 necesarias no seu ámbito territorial sempre que estas non entren en contradición co
19 aprobado pola Asemblea Xeral.

20 **Artigo 28. Convocatoria**

21 As asembleas locais/comarcais convocaranse con carácter ordinario cando menos unha
22 vez ao mes. A convocatoria da mesmas corresponde á responsable designada pola
23 Asemblea local/comarcal unha vez chegado a acordo co conxunto de integrantes da
24 mesma.

25 As convocatorias deberán ser enviadas cun prazo mínimo de 48 horas debendo figurar a

1 orde do día e a documentación necesaria para o desenvolvemento da mesma. A orde do
2 día estará suxeita a modificacións aprobadas no mesmo momento da reunión da
3 asemblea.

4 **Artigo 29. Comisións de traballo**

5 As comisións de traballo defínense como órganos para o tratamento de cuestións
6 específicas que afecten ao conxunto da PFG, serán constituídas por acordo da
7 Coordinadora Nacional.

8 As asembleas locais/comarcais poderán propor á Coordinadora Nacional a creación de
9 comisións de traballo propias.

10 As Comisións de Traballo dotaranse dun funcionamento interno que regule as
11 convocatorias, a participación e as súas funcións , todo isto respectando os presentes
12 Estatutos.

13 **CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO**

14 **Artigo 30. Patrimonio inicial**

15 A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio. O
16 peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

17 **Artigo 31. Recursos económicos**

18 A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 19 a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- 20 b) As cotas extraordinarias que propoñan os órganos de xestión e sexan
21 aprobadas pola Asemblea Xeral.
- 22 c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos,
23 entidades privadas ou particulares.
- 24 d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da

1 asociación.

2 e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non
3 lucrativas.

4 **Artigo 32. Contas anuais**

5 Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as
6 contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como
7 unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das
8 persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa
9 aprobación en Asemblea.

10 A Coordinadora Nacional levará os correspondentes libros de contabilidade, que
11 permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da
12 asociación.

13 **Artigo 33. Destino de ingresos a fins da asociación**

14 Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de
15 actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse
16 exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios
17 poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou
18 xurídica con interese lucrativo.

19

20 **CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

21 **Artigo 34. Regulamento de réxime interno**

22 Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que
23 desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

24 O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional
25 civil.

1 **CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN**

2 **Artigo 35. Disolución**

3 A asociación disolverase polas seguintes causas:

- 4 a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- 5 b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- 6 c) Por sentenza xudicial firme.
- 7 d) Polas causas que se determinen nos presentes estatutos.

8 **Artigo 36. Liquidación**

- 9 1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do
10 cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
- 11 2. As persoas integrantes da Coordinadora Nacional no momento da disolución
12 convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadores pola
13 asemblea xeral ou por autoridade competente.
- 14 3. Corresponde ás persoas liquidadoras:
 - 15 a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - 16 b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas
17 para a liquidación.
 - 18 c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - 19 d) Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
 - 20 e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de
21 disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non
22 lucrativa.
 - 23 f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrados.

1 4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do
2 xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

3 **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

4 En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a Lei Orgánica
5 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións
6 complementarias.

7

8 Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás
9 modificacións aprobadas na Asemblea Xeral extraordinaria celebrada en data 27 de
10 Xuño de 2019 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

11

12 A secretaria